

PLAN DIRECTOR – FACULTADE DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA. INFORME DA BIBLIOTECA.

1. INTRODUCCIÓN

MISIÓN: De acordo coa definición que os Estatutos da USC, a Biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía é un centro de recursos de información que ten como misión dar apoio á aprendizaxe, á docencia, á investigación e á xestión na área das Ciencias da Saúde, facilitando o acceso e a difusión dos recursos de información e colaborando nos procesos de creación de coñecemento.

VISIÓN: a) Ser un centro activo de recursos para a docencia, investigación, estudo e aprendizaxe que sexa referente para a creación, preservación e transferencia de coñecemento na área das Ciencias da Saúde.

b) Consolidarse como un servizo estratéxico de calidade, plenamente integrado e comprometido coas actividades da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da comunidade universitaria en xeral.

USUARIOS E TITULACIÓNS¹

Titulación	Alumnado	Totais
Grao en Medicina	2211	
Grao en Odontoloxía	218	
Mestrados Universitarios	81	
Programas de Doutoramento	581	
Total alumnado		3091
Centro	Profesorado	
Fac. de Medicina e Odontoloxía	365	365
TOTAL USUARIOS		3456

UBICACIÓN DOS USUARIOS²

Ubicación	Usuarios
Facultade de Medicina e Odontoloxía (Rúa San Francisco)	1º, 2º, 3º Med., Máster, PDI
Edificio de Odontoloxía (Rúa Entreríos)	Odontoloxía, Máster, PDI
Edificio Docente Roberto Novoa Santos (Choupana)	4º- 6º Med.
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)	Prácticas
Outros Centros Asistenciais Sergas	Prácticas
Cimus, Cebega, outros Centros investigación	PDI

¹ Fonte: Área de Calidade sobre base de datos proporcionada pola ATIC. Datos actualizados a data fin de entrega de actas do primeiro semestre do curso 2018-2019 (Alumnado). Datos actualizados a data 01/07/2019 (Profesorado).

² Fonte: Elaboración propia en base á web da USC

2. OBXECTIVOS

Obxectivos vinculados á seguridade: facer da biblioteca un espazo seguro

Organizar os itinerarios de evacuación das instalacións: saídas de emerxencia

Obxectivos vinculados aos servizos aos usuarios: mellorar os servizos prestados aos usuarios

Ofertar un número de postos de lectura en sala e estudo acorde co número de usuarios potenciais

Ofertar un número de postos de traballo en grupo acorde co número de usuarios potenciais

Prover de conexión eléctrica e boa cobertura wifi todos os postos para usuarios

Reducir a superficie dedicada a depósitos

Ordenar e colocar as coleccións físicas para facilitar o seu acceso

Obxectivos vinculados coa área de traballos técnicos: adaptar os espazos á biblioteca híbrida.

Procurar despachos accesibles aos usuarios

Dispoñer de espazos ben dotados tecnicamente (rede wifi, instalacións eléctricas...)

Contar con espazos que permitan realizar todas as tarefas relacionadas cos servizos prestados aos usuarios

3. SITUACIÓN ACTUAL

DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS³

NOME	USO	SUPERFICIE M ²
ACCESO DIRECTO USUARIOS = 370		
SALA LECTURA GRANDE	ESTUDO/ ACCESO DIRECTO	220
ENTRADA	RECECIÓN/ESTUDO/ ACCESO DIRECTO	90
HEMEROTECA	ESTUDO/ ACCESO DIRECTO	60
DEPÓSITOS = 500		
DEPÓSITO CATALOGACIÓN	DEPÓSITO	40
ZONA C	DEPÓSITO	45
DEPÓSITO HEMEROTECA	DEPÓSITO	90
DEPÓSITO GRANDE ARRIBA	DEPÓSITO	200
DEPÓSITO PEQUEÑO ARRIBA	DEPÓSITO	85
DEPÓSITO DOAZÓN PENA	DEPÓSITO	40
MIXTO = 130		
PASILLO HEMEROTECA ZONA B	ESTUDO / ORDENADORES / DEPÓSITO	130
ADMINISTRACIÓN = 60		
DESPACHO CATALOGACIÓN	ADMINISTRACIÓN	40

³ Fonte: elaboración propia.

DESPACHO DIRECCIÓN	ADMINISTRACIÓN	20
SERVIZOS. ALMACÉN = 10		
ALMACÉN E BAÑO	ALMACÉN E BAÑO	10
TOTAL		1070

PERSONAL, POSTOS DE LECTURA, FONDOS FÍSICOS⁴

PERSOAL		
Axudantes Biblioteca		3
Auxiliares Biblioteca		6
Total		9
INSTALACIÓNS		
Superficie total (m2)		1070
Postos de lectura		132
Postos para traballo en grupo		24
Estanterías (Total m lineais)		3291
Libre acceso ocupadas		1340
Libre acceso baleiras		220
Depósito ocupadas		1470
Depósito baleiras		261
FONDOS FÍSICOS		
Monografías impresas (exemplares)		43033
Títulos revistas impresas		2589

4. PROPOSTA

Redución dos espazos de depósito

- Xustificación: Debido á dispersión dos usuarios da biblioteca, as adquisicións bibliográficas oriéntanse hacia os recursos electrónicos accesibles dende calquera lugar en calquera momento. Por esta razón non é preciso un aumento dos espazos de depósito de material impreso cuxa adquisición tende a estancarse. Incluso se se realizan obras de consolidación da estrutura do edificio, se podería habilitar depósitos dotados de estanterías compactas que ocuparían menos superficie.

Aumento do número de postos de lectura/consulta/traballo en grupo

- Xustificación: como consecuencia das novas formas de docencia e aprendizaxe, é preciso aumentar o espazo dedicado aos usuarios, tanto postos de lectura individuais como zonas de traballo en grupo. Poderíase utilizar o espazo que xa non se utiliza como depósito para este fin.

⁴ Fonte: Estatísticas BUSC 2020

Reforzo da rede de telecomunicacións e das instalación eléctricas

-Xutificación: a mellora da rede WIFI e das instalación eléctricas permitirá reforzar a proposta de incremento de recursos e servizos electrónicos para chegar aos usuarios dispersos nos distintos centros e avanzar cara unha biblioteca dixital.

PROPOSTA DE DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS

Condicións xerais:

Todos os espazos deben respectar a lexislación vixente sobre seguridade, adaptarse á diversidade funcional de usuarios e traballadores e ter un acceso á rede wifi óptimo.

ESPAZOS ESPECÍFICOS	CONDICIÓN
Área de atención ao usuario	xestión de carnés, préstamo, información e referencia.
Salas de lectura	Postos individuais dotados de enchufes e luz. Nº mínimo de 300 postos (10% dos usuarios alumnado)
Sala traballo en grupo	Separada e aíslada acústicamente. Nº mínimo 30 postos (1% dos usuarios alumnado)
Depósito documentos físicos	Totalidade da colección en acceso directo. Necesidade de redistribución dos espazos. Previsión de crecemento cero.
Despachos de traballo interno	Área de recepción/información, Área de proceso técnico, Despacho Dirección. (10 m ² por traballador)
Almacén	material de oficina, utensilios e aparatos de limpeza, etc.
Aseos	Aseos de uso para o persoal. Aseos para usuarios.

Biblioteca de Medicina e Odontoloxía da USC

18 de marzo de 2021